



CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DOS AGASALLOS DE NADAL DO ANO 2023

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publicarase o extracto da convocatoria cuxa documentación completa pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Primeiro.- Persoas beneficiarias.

Poderán solicitar esta subvención, as persoas físicas pai, nai, titor/a ou familias con acollemento (permanente ou preadoptivo) de un/unha ou varios menores, e:

- Ter fillos ou fillas menores de idade (ou con 18 anos) e que a unidade familiar estea empadroada no Concello de Valdoviño.
- Estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello de Valdoviño, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Seguridade Social e coa Facenda da Comunidade Autónoma.
- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non superar os ingresos que establece o baremo económico do artigo 6.5

Segundo.- Finalidade

O obxecto da convocatoria é facer efectivo o principio de igualdade no exercicio dos dereitos da infancia e ao seu disfrute normalizado como parte da comunidade e o seu fin é compensar a aquelas familias que polas súas condicións económicas teñan máis dificultades para afrontar os gastos derivados da compra dos agasallos de Nadal.

Terceiro.-Bases Reguladoras

As aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 9 de novembro de 2023.

Cuarto.-Importe

Para o financiamento deste programa de bolsas establécese un crédito de contía máxima de 3000 euros, recollidos nos orzamentos municipais.

Quinto .- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria das axudas no Boletín Oficial da Provincia

En Valdoviño, 14 de novembro de 2023

O Alcalde;

Asinado: Alberto González Fernández